



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

## CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA

Expediente Subtel: 2023000016872

Referencia: PREM-CD / 2023

### RESOLUCIÓN POLA QUE SE CONCEDEN DOUS PREMIOS Á EXCELENCIA NA DANZA CLÁSICA DO ALUMNADO DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NO ANO 2023

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Á vista da proposta do tribunal nomeado por resolución número 20973, de 25 de maio de 2023, para a concesión de *Tres premios á excelencia na danza clásica do alumnado do Conservatorio Profesional de Danza da Deputación da Coruña no ano 2023*, de conformidade coas bases da convocatoria publicadas no BOP número 88 de 10 de maio de 2023

#### RESOLVO:

**1. Conceder dous premios** á excelencia na danza clásica, polos importes que se indican ás persoas seguintes:

| Núm. Expediente | Solicitante              | NIF       | Importe    |
|-----------------|--------------------------|-----------|------------|
| 2023000028832   | Mourelle López, Ángela   | ***5899** | 500,00 €   |
| 2023000028946   | Ribaric Gallego, Martina | ***8472** | 500,00 €   |
| Total           |                          |           | 1.000,00 € |

**2. Dispor o gasto** dos premios concedidos, por importe total de 1.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 0650/3261/481, fase A, operación número 220230021136, do vixente orzamento. Prodúcese unha economía a efectos contables de 500,00 €.

**3. Aboar os premios** nun único prazo, previa retención de 75,00 € (15% s/500,00€), en concepto de IRPF "Premios" para o seu ingreso no CNP 20007, clave F, subclave 01.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do

Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.